# Novembro 2013

## Xuventude de Galicia — Centro Galego de Lisboa

### Declarado de Utilidade Pública

105 ANOS

Mais un ano pasou, xa van 105, moitos nos quedan por diante.

No ano de 1908, nace a Xuventude de Galicia, pola man daqueles querían ter a súa terra mais preto e reuniron a 10 de novembro, iniciando esta camiñada.

Esta é, a filosofía que debe mover os asociados e amigos desta grande Casa, aínda que, por mor dos cambios ao longo dos anos, se vexa algo esquecida.

Mais que nada nestas datas, hai que pensar no glorioso pasado e naqueles que o proporcionaron, honrando-lles a súa labor e dándolle continuidade.

Inda que hoxe as distancias non parecen ser as mesmas e as circunstancias sociais non son iguais, é noso deber, aproveitando os cambios, seguir esta misión e defender os obxectivos da nosa Casa.

Arestora, a Xuventude precisa da axuda de todos, asociados e amigos, para manter a súa identidade e dinámica. Para elo propomos unha serie de actividades, unhas xa coñecidas, outras novidosas para que podades gozar con elas.

Contamos con a participación de todos para dinamizar a Xuventude de Galicia—Centro Galego de Lisboa.

Álvaro Moreira


**Xuventude de Galicia**
**Centro Galego de Lisboa**
Declarado de Utilidade Pública
Rua Júlio Andrade, nº 3
1150-206 Lisboa
Telf.: +351 21 885 36 80
Fax: +351 21 885 03 93
• • • •
Www.juventudedagaliza.com
• • • •
Www.facebook.com/juventudedagaliza
• • • •
**Secretaria –Horário:**
Lun—Ven
11:00h ás 20:00h
geral@juventudedagaliza.com
• • • •
**Restaurante Álvaro Cunqueiro**
Telf: +351 21 882 13 92


**Nesta edición:**


| | |
|---|---|
| 105º Aniversario | 1 |
| Obradoiro/workshop | 1 |
| Homenaxe a Rosalía | 1 |
| Actividades a decorrer ... | 2 |
| Actividades a decorrer ... | 3 |
| Propomos un reto ... | 3 |
| Suxestión/Para cantar | 4 |
| Adiviñas, refráns e expresións | 4 |
| Últimas | 4 |
| Vindeiro mes | 4 |


## 16 Novembro

### 19:30h - Festa do 105º Aniversario

Santa Misa
*Polo Rdo.*
*José Carlos Fernández Otero*
Con a participación do **Coro Xuventude de Galicia**

**Cea**

**Entrega de insígnias de 25 e 50 anos de asociado**

**Actuación do Grupo Anaquiños da Terra e da Escola Célia Neves**

*Máis informacións e inscricións (ata o 14/11) na Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com*




## 18 Novembro




### Obradoiro/Workshop

18:30h

**"A educação Musical na Infância"**

*Pelo pedagogo*
*José Dias*

**Vantagens da Aprendizagem Musical**

**Entrada livre**

*Mais informações na Secretaria do Centro, pelo Telf.: 218853680 ou pelo geral@juventudedagaliza.com*

## 24 Novembro

### Proxección Documental - Homenaxe

16:00h Salón Leocadia Boullosa

*Proxección do documental,*
*"Rosalía de Castro, sombras sen sombra"*
*(Taller de Edicións J. A. Durán)*

Con motivo das celebracións que ao longo de 2013, están a conmemorar o 150º Aniversario da publicación da primeira edición de "Cantares Galegos", este domingo, de xeito simultáneo en Galicia e en todos países ou comunidades autónomas de España onde exista unha representativa colonia de galegos será proxectado este documental en homenaxe a Rosalía de Castro

*Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com*




XUNTA DE GALICIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Xuventude de Galicia Centro Galego de Lisboa

## Actividades a decorrer no Centro




































**Participa** — **Escolle a actividade que mais che guste** — **Inscríbete**

## Grupo Anaquiños da Terra

O ensaio do Grupo Anaquiños da Terra ven sendo feito tódolos venres ás 19:30h (nenos), non obstante, hai a posibilidade de facer ensaios tamén os sábados pola tarde.

Pedimos que os interesados nos ensaios de sábado contacten coa secretaría do Centro de forma a podermos axilizar o mellor horario para esta actividade.

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telef.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com

## Este é o reto que te propomos

**Exposición fotográfica: "Xuventude de Galicia—Centro Galego de Lisboa"**

Propomos a todos os nosos asociados que  xuntos fagamos unha grande exposición fotográfica sobre a nosa Casa.

Cada un dos asociados pode aportar ata 6 fotografías do noso Centro, actual ou mais antiga, da presente sede ou de algunha outra anterior.

A exposición terá lugar no vindeiro mes de xaneiro en data a confirmar

¡Agardamos pola túa participación!

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telef.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com

## Suxestión...

### Caldo Galego



**Ingredientes**

- 150 gr. de fabas
- 500 gr. de patacas
- Verdura (grelos, repolo, ...)
- 1 oso de porco
- 50 gr. de unto
- Sal e Aceite de Oliva.

**Preparación**

O primeiro que debemos facer é deixar a remollo as fabas a noite anterior.

Poñemos nunha ola con auga as fabas, o queixo, o unto, a sal e o deixamos cocer lentamente durante hora e media. Añadimos as patacas troceadas e continuamos a cocción. Cando as patacas estén casi feitas, añadiráse a verdura troceada coa man. Sacámolo unto e machacámolo sobre unha culler para que solte a esencia e o devolvemos á ola. Por último, deixamos cocer ata que as patacas estén listas. Deixamos repousar un rato e servimos.

## Para cantar...

### ARROZ CON CHÍCHAROS

**O primeiro no amor sonche os bicos,**
**O segundo beliscos pequenos,**
**O terceiro ben achegadiños**
**E o remate sonche os nenos** } BIS

*Arroz con chícharos, patacas novas,*
*repolos de Betanzos e mais cebolas*
*e mais cebolas e mais cebolas,*
*arroz con chícharos, patacas novas.*

**Se o teu mozo che pide aquel conto**
**e por el che fai un xuramento,**
**non llo deas, nena, non llo deas,**
**que o xurar lévacho o vento.** } BIS

*Arroz con chícharos, patacas novas,*
*repolos de Betanzos e mais cebolas*
*e mais cebolas e mais cebolas,*
*arroz con chícharos, patacas novas.*

### Adiviñas

1 - "No alto vive, no alto mora
No alto tece a tecedora"

2 - "Brúa no alto dos outeiros
E arborea os castiñeiros"

Solución: 1 - A araña; 2 - O vento.

### Refráns

"Se o mes de agosto ven claro, bo magosto e bo nabo; se ven nubrado, poucas castañas e nabos furados"

"¡Deus nos manteña e veña quen veña!

### Expresións

"¡Onde vai!, ¡Vaiche boa!"
= *Hai moito tempo que pasou*

"É un xan de debaixo da cama"
= *É unha persoa sen vontade e pouco coraxuda*

## Últimas...

### A partir do día 1 de decembro:

- A actividade de **EcoNenos** tamén terá lugar tódolos domingos das ***16:00h ás 17:00h*** (nenos)
- Nova actividade: **Facendo Manualidades** Tódolos domingos das ***17:00h ás 18:30h.*** Comezaremos esta actividade con "cestería en papel" - (mozos e adultos)

¡Contamos contigo!

### Actualización de datos

Estamos actualizando os datos dos socios na nosa base.

Pedimos o favor a tódolos socios que poidan, que nos fagan chegar por correo electrónico os seguintes datos actualizados: nome, dirección, teléfono e correo electrónico.

geral@juventudedagaliza.com

¡Grazas!

## E no vindeiro mes...

### III Feira de Artesanía

Data prevista, 14 e 15 decembro, dependendo das inscricións

*Salón Gabino Castro Gil*

*Informacións e inscricións:*
*geral@juventudedagaliza.com*

## Restaurante



RESTAURANTE ÁLVARO CUNQUEIRO
Xuventude de Galicia-Centro Galego de Lisboa

¡Visítanos!

Reservas: 218821392

Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa • Declarado de Utilidade Pública • Rua Júlio Andrade nº 3 1150-206 Lisboa • ) 218853680 7 218850393
www.juventudedagaliza.com • geral@juventudedagaliza.com • www.facebok.com/juventudedagaliza